



Fichas divulgativas pagamentos directos

FICHA 1e.v / PD

Cultivos proteicos

NORMATIVA

- **Regulamento (CE) 1307/2013** polo que se establecen normas aplicables aos **pagamentos directos** aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común.
- **Real decreto 1075/2014** sobre a aplicación a partir de 2015 dos **pagamentos directos** á agricultura e á gandería e outros réximes de axuda, así como sobre a xestión e o control dos pagamentos directos e dos pagamentos ao desenvolvemento rural (art. 34 ao 37).

REQUISITOS ESPECÍFICOS

- ◆ Concederase unha axuda asociada voluntaria (previa solicitude) aos agricultores que produzan, con destino ao seu emprego en alimentación animal, algún dos seguintes cultivos:
 - a) Proteaxinosas e leguminosas: chícharos, fabas, tremoceiro doce, veza, yeros, garrofas, titarros, almortas, alholva, alverja, alverjón, alfalfa (so en secaño), esparceta, zulla.
 - b) Oleaxinosas: xirasol, colza, soia, camelina, cártamo.
- ◆ Condicións:
 - a) Empregar semente de variedades inscritas no Catálogo común de variedades da UE, no Rexistro de variedades comerciais ou que teñan concedida unha autorización de comercialización. Quedan exceptuadas deste requisito as especies cuxa comercialización está autorizada sen necesidade de pertencer a unha determinada variedade.
 - b) Cultivar en zonas de regadío (mínimo 0,5 ha), ou en secaño (mínimo 1 ha) en concellos con potencial produtivo superior a 2 t/ha segundo o Plan de Rexionalización Produtiva.
 - c) Efectuar as labores agrícolas que aseguren o normal desenvolvemento do cultivo e mantelo no terreo:
 1. Ata o estado de madurez leitosa do gran para proteaxinosas e leguminosas para gran, incluída a soia.
 2. Ata o inicio da floración en proteaxinosas e leguminosas para aproveitamento forraxeiro anual.
 3. Durante todo o ano, agás no ano de sementeira e de levantamento do cultivo, no caso de leguminosas forraxeiras plurianuais.
 4. Ata o callado do gran no caso de oleaxinosas, agás soia.
 - d) Permitirase o aproveitamento polo ganado directamente sobre o terreo, sempre que sexa compatible coa especie e o cultivo se manteña, polo menos, ata o inicio da floración.
 - e) Dispor dunha proba de venda ou subministro a terceiros da produción ou, no caso de autoconsumo na propia explotación, dun código REGA no que figure como titular principal, con especies gandeiras e dimensión adecuada ao consumo que se declara.